

## **Resolución reitoral pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a avaliación do compoñente por méritos docentes (quinquenios)**

**1º.** En virtude do establecido no Real decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, o profesorado universitario poderá someter a actividade docente realizada cada cinco anos en réxime de dedicación a tempo completo ou un período equivalente se prestou servizo en réxime de dedicación a tempo parcial, a unha avaliación ante a universidade en que preste os seus servizos.

**2º.** Poderá solicitar a avaliación da súa actividade docente o profesorado universitario funcionario en situación de servizo activo na Universidade da Coruña e con dedicación a tempo completo o 31 de decembro de 2024.

Tamén poderá solicitar esta avaliación o Persoal docente e investigador laboral que conte cun contrato (indefinido ou temporal) ou nomeamento en vigor e con dedicación a tempo completo a 31 de decembro de 2024 nas seguintes categorías:

- Profesorado contratado doutor
- Profesorado permanente laboral
- Profesorado axudante doutor
- Profesorado colaborador
- Profesorado contratado interino de substitución
- Profesorado interino dos corpos docentes universitarios

**3º.** A solicitude presentarase a través do Rexistro electrónico ([https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register)). A persoa interesada deberá achegar exclusivamente a documentación acreditativa das situacións administrativas e contratos que non figuren no seu expediente.

**4º.** O prazo de presentación de solicitudes iníciase ao día seguinte da publicación desta resolución do Taboleiro Electrónico Oficial e finaliza o 20 de xaneiro de 2025.

**5º.** A solicitude de avaliación presentada por primeira vez incluírá toda a actividade docente desenvolvida ata o 31 de decembro de 2024.

**6º.** A avaliación das solicitudes realizarase conforme ao disposto na Normativa sobre a avaliación de méritos docentes do profesorado universitario (aprobada no Consello de Goberno do 2 de decembro de 2024) e xerará efectos económicos e administrativos dende o 1 de xaneiro de 2025.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Taboleiro Electrónico Oficial.

O REITOR  
P.D. (RR 10/07/2024)  
A VICERREITORA DE PROFESORADO